



PREGUNTA ORAL SOBRE AS PREVIÓNS DO GOBERNO RESPECTO DA ACTIVIDADE NA NAVE 5 DA PRAZA DE ABASTOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A interpretación que do prego de licitación dos postos existentes na Nave 5 da Praza de Abastos fai o Goberno local non ofrece ningunha dúbida. A propia concelleira de Desenvolvemento Económico na reunión que mantivo cos praceiros para explicarlles as condicións da licitación, en maio de 2016, o deixaba claro tal e como recollía a información oficial do Concello: "*En todos os casos, a orixe dos produtos utilizados para a preparación debe ser a Praza de Abastos, e o consumo non se poderá realizar na propia Praza. Estas condicións son aplicables a un total de dez locais da nave 5*".

Un ano despois, en maio de 2017 e coincidindo coa última adxudicación de seis postos baleiros na mesma nave, o alcalde –tal e como acredita novamente a información oficial- volveu defender o modelo elixido para a Nave 5, "*que non entra en competencia co sector hostaleiro, senón que aposta pola preparación dos produtos da propia Praza para consumir no exterior*".

A pesar desa firme condición e da censura que o Goberno fixo e fai do modelo do anterior Goberno que permitía o consumo sempre que os produtos procederan da mesma Praza, a realidade está a demostrar cada día que o consumo de produtos dentro da nave 5 estase a converter nunha regra que, de forma maioritaria, seguen os negocios alí instalados, entrando en flagrante contradición coa condición defendida e reiterada polo Goberno de que non está permitido o consumo nese lugar.

Esta situación entendemos que pode dar lugar a incertezas e mesmo cuestionar a seguridade xurídica da actividade que se está a realizar, razón pola que se presenta a seguinte pregunta:

Contempla o Goberno requirir ou limitar o consumo que se está a facer na actualidade no interior da Nave 5 da Praza de Abastos e, ao respecto do espazo para o consumo, que criterio se vai seguir para adxudicar os postos que aínda están vacantes nesa mesma Nave 5?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular